

## O RÉXIME LEGAL DA IMPOSICIÓN E CAMBIO DO NOME E DOS APELIDOS

Luis Villares Naveira

### Introdución

Como se está a poñer de manifesto neste Congreso, a antropónimia conforma un dos elementos más interesantes da riqueza dunha lingua, non en van designar realidades, neste caso humanas, tan diferentes coma cada un de nós, que constituímos un mundo, e nela refíctese asemade, a configuración dun pobo; as súas creanzas, os seus valores, deixan fondas pegadas neste eido. Xa que logo, un campo tan importante coma o nome e apelidos non podería pasar desapercibido para o Dereito; máis ao contrario, conforma a primeira e trascendental información coa que accedemos ao Estado Civil das persoas, individualizándoas tamén no mundo xurídico.

E como a lei é política, a regulación legal do réxime do nome e os apelidos corre parella ao curso político dos pobos e os Estados. Así no Estado Español, podemos ver unha evolución significativa deste feito; dende as normas da ditadura franquista que impusían a obriga de consigna-los nomes que viñesen no santoral católico, ata as normas más recentes de 1999 que adecúan a lei aos principios democráticos de respecto á cultura e linguas do Estado e non discriminación por razón de sexo.

Así o antigo artigo 54 da Lei de Rexistro Civil (en diante LRC) establecía a necesidade de que os nomes propios dos españois se consignaran en castelán, o cal denota o valor que un réxime coma o franquista, empeñado na loita por aniquilar a diversidade cultural e lingüística existente no Estado lle daba ao tema da antropónimia. Xa no ano 1977, no decurso da denominada «transición política», momento no que comegan a aflorar as inquietudes latentes na ciudadanía, a Lei 17/1977 reforma este artigo, establecendo que «tratándose de españois, os nomes deberán consignarse nalgúnha das linguas españolas», recollendo ademais a posibilidade de que as persoas puidesen facer o propio cos nomes rexistrados antes da entrada en vigor da lei.

A promulgación da Constitución Española de 1978 (en diante CE) co recoñecemento expreso da riqueza lingüística e cultural de España (art. 3) e a non discri-

Luis Villares Naveira

---

minación por razón de xénero (art. 16 e 39) suporá un cambio paulatino nas normas que regulan o nome e apelidos ata configuralos como hoxe os coñecemos. Así ratifícanse por banda do Estado numerosos textos internacionais que supoñen compromisos no respecto pola antropónimia e a igualdade de xéneros como son, a título de exemplo, a Convención das Nacións Unidas de 18 de decembro de 1979 (art. 16), o Comité de ministros do Consello de Europa en Resolución 78/37 ou o mesmo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, en sentenza do 22 de febreiro de 1994, xurisdición á que España está vinculada.

### **Fontes normativas da regulación de nomes e apelidos**

A regulación legal nesta materia atópase informada fundamentalmente polo dispuesto no Código Civil (en diante Cc.), na Lei de Rexistro Civil (LRC) e más no Regulamento do Rexistro Civil (en diante RRC) que o desenvolve.

Para efectos expositivos dividiremos o seu contido en relación ao nome e aos apelidos, xa que a preocupación legal por estes é substancialmente diferente.

O Capítulo III da LRC, rubricada «Do nome e apelidos», comeza dicindo que «*as persoas son designadas polo seu nome e apelidos, paterno e materno, que a Lei ampara fronte a todos*» (art. 53). Con este enunciado declarase a esencialidade do nome para a individualización da persoa no trato xurídico, e dende aquí regúlase o seu contido.

#### **1. O Nome**

O precepto que informa o contido e limitacións do dereito dos pais ou gardadores á designación de nome da meniña ou meniño é o artigo 54 LRC, que comeza dicindo que «*na inscripción expresarase o nome que se lle dá ao nacido, se ben non poderá consignarse máis dun nome composto nem máis de dous simples*».

O parágrafo segundo establece unha serie de prohibicións absolutas, que funcionan de límites á imposición do nome, que son:

- Os nomes que *obxectivamente prexudiquen a persoa*. Completando este precepto o art. 192 RRC di que «se considera que perxudican obxectivamente a persoa os nomes propios que, por si ou en combinación cos apelidos, resultan contrarios ao decoro». Neste sentido a Dirección Xeral de Rexistros e Notariado (en diante DXRN) en Resolución de 11/11/1994 ten rexitado por este motivo a inscrición de «Xudas», por entender que se trata dun substantivo común que denota nome aleivoso e traidor.
- Os *diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que ainda non acadaran substantividade propia*, polo que se rexita, por exemplo, a Res. 6/5/1992 DXRN a denominación «Pepita», por considerala hipocrismo de Marfa Xosé carente de autonomía deste nome.

### O réxime legal da imposición e cambio do nome e dos apelidos

- Os que fagan *confusa a identificación* da/o menifial/o.
- Os que *induzan no seu conxunto a erro en canto ao sexo da persoa*, polo que a DXRN interpreta restritivamente que só se deben excluir se designan inequivocadamente nome de sexo contrario; así sucedeu en relación ao nome de «Olalla» para designar varón.

A carón destas, o parágrafo terceiro establece uns límites de carácter relativo, e prohíbe:

- O nome que xa ostente algúnlha dos/as irmáns/ás (agás que tivese falecido).
- O mesmo nome dun irmán traducido a outro idioma. (v.g. Paulo e Pablo).

## 2. Os Apelidos

A regulación sobre os apelidos é más complexa, porque entende o Ordenamento Xurídico que son os datos capitais para a vida xurídica da persoa, a súa verdadeira singularización.

A norma reitora desta materia é o art. 109 Cc., que comeza declarando que «*a filiación determina os apelidos con arreglo ao disposto na Lei*»; de aí que a posibilidade de se imponer un apellido venía determinada polo feito da determinación legal da filiación, e o resto de opcións venían condicionadas por este feito; a Lei é receosa dos cambios incluso das correccións porque iso dificulta a persecución da información do suxeito pola rede xurídica.

Así as cousas, tres notas caracterizan hoxe este sistema:

- A non discriminación por razón de sexo á hora da imposición da orde.
- O respecto á dignidade da persoa.
- O respecto á pluralidade lingüística do Estado.

### 2.1. A orde dos apelidos

Así en relación á determinación da orde dos apelidos materno e paterno, o parágrafo segundo deste 109 Cc. Di que «*se a filiación está determinada por ambas liñas, o pai e a nai de comén acordo poderán decidi-la orde de transmisión do seu respectivo primeiro apellido, antes da inscrición rexistral. Se non se exercita esta opción, rexerá o disposto conforme á Lei*».

Tal lei di no art. 194 RRC que agás esta opción, «*o primeiro apellido dun español é o primeiro do pai e o segundo o primeiro persoal da nai, alnda que sexa estranxeira*», sistema que rexía polo tanto subsidiariamente.

Cabería preguntarse que pasa se non se posen de acordo os cónxuxes; neste caso deberá resolvélo o encargado; malia o silencio do lexislador parecería que poderá resolver coma se non se optase, alnda que esa decisión debería ser motivada e en todo caso podería ser recorrida por discriminatoria se non é suficientemente razoada.

Luis Villares Naveira

---

Pola súa banda, o propio interesado, cando sexa maior de idade, de conformidade co art. 109 parágrafo terceiro, «poderá solicitar que se altere a orde dos apelidos» (tamén art. 55 LRC, parágrafo terceiro)

## 2.2. A regularización dos apelidos

Con razón dixo Navaza que malia o emprego da expresión «regularización dos apelidos» pola LRC isto non debe levarnos á tradución aparente de apelidos, senón que en aras da correcta depuración da nosa antropónimia debemos informarnos de cáll son realmente as formas correctas dos mesmos, e pon como exemplo o caso de Villamil (que deriva de Guillamil, que á súa vez vén de Guillerme, polo que aquela sería a súa forma correcta).

Dito isto, varios artigos permiten o cambio/regularización de apelidos en diferentes supostos.

Advirtamos que cambio é a substitución dun apellido por outro, mentres que regularización é a escritura graficamente correcta conforme á nosa ortografía e gramática ou a depuración de nomes deturpados.

Así o art. 55 LRC parágrafo quinto di que «O encargado do Rexistro, a petición do interesado ou do seu representante legal, procederá a regularizar ortograficamente os apelidos cando a forma inscrita no Rexistro non se adecue á gramática e fonética da lingua española correspondente». Atopamos neste caso o suposto coñecido como «galeguización dos apelidos». Ao igual que se dixo do nome, é o encargado de oficio quen procede a buscar o equivalente na forma galega en colaboración co ILG e a RAG (vid. *infra*; procedemento). Non obstante puidera ser que a opinión sobre a tradución non sexa a mesma para o interesado e o encargado, ou simplemente que a este non lle conste; daquela o art. 198 RRC dinos que «cando non for un feito notorio deberá acreditarse polos medios oportunos que o apellido pertence a unha lingua vernácula e a súa grafía exacta neste idioma», co que é válido o dito antes sobre o nome.

Pero este non é o único suposto en que se poden facer modificacóns nos apelidos. As decontado refírense a cambio, non á mera regularización:

1<sup>a</sup> Así o art. 57 LRC di que o Ministerio de Xustiza pode autorizar cambios nos apelidos, con expediente previo, cos seguintes requisitos:

- Que o apellido constitúa unha *situación de feito* non creada polo interesado.
- Que o apellido que se pretende *pertenza lexitimamente* ao peticionario.
- Que *proveña da liña correspondente* do apellido que se tenta substituír.

Malia estas limitacións, os artigos seguintes reláxanas nos seguintes supostos.

Sen que concorra o primeiro requisito pódese modificar se (Art. 58 LRC e 208 RRC):

- É un apellido indecoroso.
- Pode ocasionar graves inconvenientes ao interesado.
- É para evita-la perda dun apellido español.

### O réxime legal da imposición e cambio do nome e dos apelidos

Aínda faltando algún destes supostos, excepcionalmente poderá accederse ao cambio por Decreto a proposta do Ministerio de Xustiza, coa audiencia previa do Consello de Estado (Art. 208 *in fine*).

Chamo a atención sobre este último suposto (evita-la perda dun apelido español), que abonda para podermos modifica-los nosos apelidos, por un calquera dos nosos anteriores sempre da liña do sustituido, algo que sen ocasional graves inconvenientes consegue rescatar algúns extinguidos e outros polo menos excepcionais e que supoñen a pervivencia da nosa riqueza lingüística e cultural como pobo.

**2<sup>a</sup>** O art. 59 LRC permite mediante o oportuno expediente perante o xuíz de Primeira Instancia, modificar os apelidos se:

- O *substituído é expósito ou análogos*.
- O *substituído foi imposto con infracción das normas xurídicas*.
- *Víñeron usando outro de feito*.
- O *nome substituído o fose polo imposto canonicamente se este for o que se usar*.
- Se for para a *tradución de nome estranxeiro ou adecuación gráfica ao español ou da fonética de apelidos tamén estranxeiros*.

Destaquemos tamén este suposto por ser normalizador ortográfico do noso idioma, xa que a mención «español» debe entenderse feita, nunha coherente interpretación sistemática do precepto, ás linguas do Estado, non só ao castelán.

O art. 209 RRC tamén completa este suposto engadindo que «o Ministerio de Xustiza pode, en todos estes casos, autorizar directamente e sen limitación de prazo o cambio ou conservación do nome e apelidos.»

O art. 206 determina o contido da regularización e do cambio dos apelidos; así di que «os cambios poden consistir en segregación de palabras, agragación, transposición ou supresión de letras ou acentos, supresión de artigos ou partículas, tradución ou adaptación gráfica ou fonética das linguas españolas, e en substitución, anteposición ou agragación doutros nomes ou apelidos ou parte de apelidos ou andlogos dentro dos límites legais»

#### Procedementos para o cambio de nome e apelidos e sistema de recursos

Con carácter xeral cando os responsables do/a neno/a acoden ao Rexistro para efectua-la imposición de nome, o encargado farao constar segundo esta manifestación (art. 193 RRC). Non expresándose o nome ou sendo este inadmisible, o encargado requirirá ás persoas mencionadas para que dean nome ao nacido, con apercibimento de que, pasados tres días sen telo feito, procederase á inscrición de nacemento, impónndose o nome polo encargado.

Tódolos procedementos que se detallan son gratuítos.

Luis Villares Naveira

---

### 1. Procedemento para o cambio do nome

O artigo 54 parágrafo cuarto LRC establece que «*a petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio daquel polo seu equivalente onomástico en calquera das lenguas españolas*», precepto que se completa co art. 192 parágrafo terceiro RRC que di que «*se non fose notorio (o equivalente onomástico) requirirá que se acredite polos medios oportunos esta equivalencia e a grafía correcta do nome solicitado*».

En relación a este extremo cómpre preguntarse cáis son os criterios para proceder á corrección por banda do encargado do nome, e a qué debe entenderse por «notoriedade».

A primeira das cuestións –criterio do encargado para a tradución- atópase resolta como consecuencia dun compromiso asinado polos encargados dos Rexistros Civis con sede en Galicia para seren eles mesmos quen se encarguen de oficio das xestións sobre as formas correctas en galego de nomes e apelidos, diante dos organismos competentes (Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega). Isto pode ainda ser completado polo dato de que a RAG decidiu, na súa sesión de 4/7/1992, que o *Diccionario dos Nomes Galegos* da Editorial Ir Indo é criterio de autoridade na materia.

A segunda cuestión –qué é a notoriedade– podemos definila como o coñecemento xeneralizado pola sociedade dun determinado feito, uso ou costume, termos aos que se adoita referir en Dereito. Esta notoriedade implica que non será precisa proba se o encargado ten coñecemento da equivalencia; caso contrario, deberá de acreditarse por calquera medio de proba admitido en dereito; o Dicionario antes referido, calquera documento público ou privado onde conste o nome, incluídos textos literarios, ou incluso testemuñas persoais do emprego cotián do mesmo.

Este procedemento realizarase perante o encargado do Rexistro, mediante simple declaración, realizada mediante instancia dirixida ao mesmo, acompañada dunha fotocopia do DNI e unha Fe de Vida, que se obtén perante o mesmo encargado, para así modificar a Partida de Nacemento, documento vértice do sistema rexistral.

Contra a denegación do cambio, ou contra a disconformidade na regularización levada a cabo polo encargado, caben os recursos que logo se detallan.

### 2. Procedemento para o cambio dos apelidos

Tres son os procedementos a seguir para a regularización ou cambio de apelidos segundo o contido e supostos explicados, que son como seguen:

#### a) Simple declaración de vontade.

É o suposto más frecuente na práctica. É o referido á regularización dos apelidos (galeguización). Regúlase nos art. 55LRC e 198 RRC, que di que «*a inversión de apellidos dos maiores de idade poderá formalizarse mediante simple declaración ante o encargado do Rexistro Civil do domicilio e non terá efectos*

O réxime legal da imposición e cambio do nome e dos apelidos

*mentres non se inscriba. O mesmo réxime rexíe para a regularización ortográfica dos apelidos para adecualos á gramática e fonética da lingua española correspondente.*

*Cando non for un feito notorio deberá acreditarse polos medios aoprtunos que o apelido pertence a unha lingua verndcula e a súa grafía exacta nese idioma»*

b) Expediente perante o xuíz encargado do Rexistro.

Nos casos do art. 59 LRC (Expósito, contrario ás normas, ou tradución de nome estranxeiro ou adecuación gráfica ao español da fonética de apelidos tamén estranxeiros) deberá seguirse un expediente, que comezará ao igual que o anterior, mediante instancia perante encargado, diferenciándose na maior actividade por banda daquel na comprobación da fidelidade de tradución e coherencia dos asentos rexistrals.

c) Expediente perante o Ministerio de Xustiza;

O expediente perante o Ministerio de Xustiza procede nos casos do art. 57 (situación de feito, pertenza lexítima e na mesma línia) e do 58 LRC (se no anterior se vai contra o decoro, prexudica ou é para evitar a desaparición de apelidos galegos)

Nos casos de expediente hai unha serie de regras comúns (Art. 216-8 RRC) como son:

- Acreditar a procedencia xenealóxica do apelido e demostrar a concorrencia dos requisitos polo interesado.
- Alcanza tamén a todos os sometidos á *patria potestas* e os menores maiores de 16 anos deberán ser ouvidos en todo caso.

### 3. Recursos contra a denegación dos actos anteriores

Existe un sistema de recursos contra a denegación da cualificación ou inscrición realizada polo encargado (art. 29 LRC s/expediente; e 355-62 RRC c/expe.), que en sé administrativa culminan coa resolución pola Dirección Xeral de Rexistros e Notariado (DXRN), que nas súas Resolucións marca as pautas de cualificación dos encargados do Rexistro. Non obstante, malia as que decontado se relatan, poden ser modificadas pola vía contenciosa, acudindo ao xulgado, aínda que esta última vía adoita ser máis ben escasa.

#### Praxe e orientacións da DXRN nesta materia

Os encargados do Rexistro deben cumplir as ordes que reciben dos seus superiores administrativos, aos que tamén elevan consultas para coñecer cál debe se-lo seu proceder perante supostos de dúbida. Tamén os/as cidadáns/ás poden acudir a ela

Lufs Villares Naveira

contra as denegacións das súas solicitudes. En consecuencia cómpre termos en conta algunas pautas apuntadas pola DXRN:

- Entre os hipocorísticos que non acadaron, a xuzo da DXRN, substantividade atopamos: Pepita (R. 6/5/92), Mabel (R. 5/11/92), Catuxa (R. 30/1/92, alegando que o nome con «substantividade» é o «nome galego» Catarina) ou Fuco (R. 19/9/95, polo de Francisco), nin o de Xela (R. 6/2/92, polo de María de los Ángeles).
- Verbo dos nomes que incitan a erro en canto a sexo, entende a DXRN que o fan Olalla para varón (R. 11/9/01), pero non Trinidad ou Camino.
- Como nomes que prexudican obxectivamente a persoa, ademais de Xudas e Caín (R. 1/12/90, «nome extravagante e impropio de persoa, asociado á maldade), rexítanse outros como Mandarina (R. 7/9/01), ou Luba (R. 12/9/01, xa que en lingua galega é unha prenda de roupa e a solicitude facíase no noso país).
- Solicitudes cursadas para inscribir nomes galegos en normativas non oficiais (denominadas reintegracionistas) foron desestimadas ademais pola DXRN entendendo que os nomes en cuestión xa estaban ben escritos, e sería unha incorrección cambialos; tal fixo coa solicitude do nome Víctor por *Vitor* e co apellido Meirinho por *Meirinho* (R. 24/1/01)

Como se pode apreciar malia que o criterio adoptado por este organismo concorda co sentir social, en ocasións a DXRN é completamente allea á realidade galega, o que fai recomendar que nestes supostos se acuda á vía xudicial para reparar os despropósitos que puidese ocasionar.

#### **Fontes de consulta para a selección de nomes e regularización de apelidos**

Como fontes bibliográficas existen xa hoxe numerosos dicionarios e libros dos nomes galegos, coma o *Diccionario dos Nomes Galegos* da Editorial Ir Indo, así coma proxectos doutros coma o dicionario de apelidos galegos, no que traballan Navaza, Boullón e Palacio, que agardemos non tarde moito en ver a luz.

No mundo virtual recomendo, para ver o que di a DXRN, a base de datos da Editorial xurídica Aranzadi, á que se pode acceder de balde na Facultade de Dereito, e allí seleccionar os nomes que nos interesan e ver se houbo algún pronunciamento e saber as dificultades que nos imporán no rexistro para os cambios que solicitemos.

En Internet son útiles, ademais das páxinas oficiais dos organismos públicos que se foron citando, outras a modo de exemplo como a da Universidade de Santiago na sección do Servizo de Normalización Lingüística; A Mesa pola Normalización Lingüística, asociación dedicada a promove-la normalización lingüística do galego; ou a da Confederación Intersindical Galega (CIG) que ten unha sección dedicada á normalización. Tamén se pode acudir aos Concellos das principais vilas galegas, xa que algúns deles disponen, en web ou nos seus servizos municipais, de gabinetes de normalización.

O réxime legal da imposición e cambio do nome e dos apelidos

BIBLIOGRAFÍA

- Civitas (ed.) (2001): *Legislación sobre Registro Civil* (2001) Madrid: Ed. Civitas
- Díez Picazo (2000): *Sistema de Derecho Civil. Derecho de la Persona*. Madrid: Ed. Tecnos.
- Fernández Urzainqui (2001): *Código Civil*. Pamplona: Ed. Aranzadi.
- Lete del Río (2001): *Derecho de la Persona*. Madrid: Ed. Tecnos.
- VV.AA. (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega*. Vigo: Ed. Xerais.